

Rarís Merece Máis!



Rarís

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

*Ante esta situación, desde o BNG queremos **implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Rarís...

- ▶ Prestaremos especial atención ao asfaltado e mantemento das estradas así como á seguridade viaria e á conectividade entre as distintas zonas da parroquia, nomeadamente na contorna do Cemiterio parroquial e en Vilela e Rial do Mato, na parroquia de Fornelos; e tamén ás vías que comunican Caxade co Aido e O Pazo.
- ▶ Investiremos recursos na humanización dos núcleos habitacionais das distintas aldeas da parroquia, ocupándonos da sinalización viaria.
- ▶ Investiremos recursos para a dotación de contedores de lixo específicos de cartón, vidro e pilas.
- ▶ Completaremos o alumeamento público da parroquia.
- ▶ Promoveremos a resolución dos problemas que están a provocar uns sumidoiros mal construídos.
- ▶ Negociaremos coas empresas do servizo de transporte o horario dos autobuses da liña a Santiago, coa finalidade de atender as necesidades efectivas dos veciños e veciñas.
- ▶ Atenderemos á limpeza dos camiños no monte veciñal.
- ▶ Promoveremos a aclaración das condicións de propiedade do antigo local social de Rarís.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Rarís avance** con Teo.

Máis Concellos BNG!

O BNG presenta unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Teo.

Nesta candidatura unimos a xuventude, temos o candidato máis novo, coa competencia e experiencia dos demais membros.

Unha nova xeración disposta a darlle vida a Teo, con propostas, con iniciativas pero tamén con preparación e capacidade técnica e política para resolver os problemas que vaíamos atopando no camiño.

O noso contrato é co pobo de Teo.

Traballaremos arreo para non deixar a ninguén atrás, a cidadanía orgullosa de ser deste concello debe ser o motor no que sustentemos os cambios e melloras nas que cremos e que o BNG vén demostrando por Galiza adiante que é posible crer. Só precisamos que vos apuntedes ao reto.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

RARÍS